



## TEMA 7. ROMPER A UNIFORMIDADE DO TEXTO

Romper a uniformidade do texto

Os **grandes bloques de texto** asustan e apartan da lectura ás persoas usuarias. Mais existen diversas fórmulas para conseguir que o escaneo dos textos que producimos funcione para enganchar ás persoas usuarias na lectura.

Solucións tales como os **intertítulos**, **enumeracións** ou **diferenciación** pola cor poden apoiar esa lectura para convertela nunha experiencia facilitadora da comprensión dos textos que producimos para a web.

Ius id vidit volumus mandamus, vide veritus democritum te nec, ei  
eos debet libris consulatu. No mei ferri graeco dicunt, ad cum  
veri accommodare. Sed at malis omnesque delicata, usu et iusto  
zzril meliore. Dicunt maiorum eloquentiam cum cu, sit summo dolor  
essent te. Ne quodsi nusquam legendos has, ea dicit voluptua  
eloquentiam pro, ad sit quas qualisque. Eos vocibus deserunt ▪  
Blandit incorrupte quaerendum in quo, nibh impedit id vis, vel no  
nullam semper audiam. Ei populo graeci consulatu mei, has ea stet  
modus phaedrum. Inani oblique ne has, duo et veritus detraxit.  
Tota ludus oratio ea mel, offendit persequeris ei vim. Eos dicat  
oratio partem ut, id cum ignota senserit intellegat. Sit inani  
ubique graecis ad, quando graecis liberavisse et cum, dicit  
option eruditi at duo. Homero salutatus suscipiantur eum id,  
tamquam voluptaria expetendis ad sed, nobis feugiat similique usu▪

Os grandes bloques de texto uniformes apartan da lectura ás persoas usuarias

### ***Intertítulos para identificar bloques temáticos***

Utilizar **intertítulos** para identificar **bloques temáticos** é unha fórmula moi axeitada para **romper a uniformidade do texto**. Podemos entón dividir o texto en temas para identificar cada un deles cun intertítulo. O intertítulo debe ser unha frase con sentido completo, que guíe á persoa lectora para poder localizar os parágrafos.

No escaneo as persoas lectoras caerán nos intertítulos e **seleccionarán** así o que máis lles chame a atención.

Os intertítulos imos escribilos seguindo as mesmas pautas que usamos para escribir títulos.

Dividir tematicamente o texto pode significar mover parágrafos cara a arriba ou cara a abaixo para centralalos a través dos grandes temas definidos. Presentaremos os diferentes bloques temáticos usando a pirámide invertida.

Loem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit, sed diam nonummy nibh euismod tincidunt ut laoreet dolore magna aliquam erat volutpat. Ut wisi enim a d minim veniam, quis nostrud exerci tation ullamcorper suscipit lobortis nisi ut aliquip ex ea commodo consequat Duis autem vel eum iriure dolor in hendrerit in vulputate velit esse molestie consequat, vel illum dolore.

### Intertítulo

Duis autem vel eum iriure dolor in hendrerit in vulputate velit esse molestie consequat, vel illum dolore eu feugiat nulla facilisis at vero eros et accumsan et justo odio dignissim qui blandit praesent luptatum zzril delenit augue duiis dolore feugait nulla facilisi.

### Intertítulo

Nam liber tempor cum soluta nobis eleifend option congue nihil imperdiet doming id quod mazim placerat facer possim assum. Typi non habent claritatem insitam; est usus legentis in is qui facit eorum claritatem.

### Intertítulo

Mirum est notare quam littera gothica, quam nunc putamus parum claram, anteposuerit litterarum formas humanitatis per seacula quarta decima et quinta decima. Eodem modo typi, qui nunc nobis videntur parum clari, fiant assiduum in futurum.

## Modelos de utilización dos intertítulos

Podemos utilizar os intertítulos como entidade **externa** ao bloque temático que identifica ou como **parte del**.

No **primeiro modelo** o intertítulo ten unha función similar á que ten nos textos impresos aínda que é máis explícito porque non consta de palabras soltas senón de frases. A desvantaxe deste modelo é que os intertítulos rematan por **repetir información xa exposta** no bloque temático. Porén isto pode ser un mal menor cando non dispomos de tempo para realizar unha reedición máis profunda.

No **segundo dos modelos** a primeira frase do bloque temático diferénciase tipograficamente de xeito que visualmente aparece como intertítulo. Neste caso é o mesmo modelo que en ocasións aparece nos títulos: diferenza tipograficamente a primeira frase que aparece no lead para que visualmente figure como título. Esta opción de manexo de textos precisa que lle dediquemos máis tempo, pero recompensa á persoa usuaria xa que foxe da repetición de información.

## Enumeración para romper a uniformidade

Na escritura web as **enumeracións** constitúen outro dos xeitos de **romper a uniformidade do texto** e facilitar á persoa usuaria atopar aquilo que está á buscar. Quen escribe para a web debe adquirir a habilidade de identificar os **elementos susceptibles** de ser convertidos en enumeracións e de definir a relación lóxica entre eles.

Os ítems dentro dunha enumeración permiten ofrecer unha **lectura non lineal do contido** e son unha porta de entrada ao concepto de estratificación da información, posto que cada un deles pode converterse nun enlace.

## Recomendacións para construír enumeracións

Podemos crear unha estrutura paralela xa que as listas terán unha estrutura gramatical paralela para as frases. O **paralelismo** axuda a ser conciso, clarificar o significado, relacionar os elementos clave, crear listas de múltiples ideas con simetría e axudar ás persoas lectoras a identificar, lembrar e comparar os elementos da listaxe.

Podemos utilizar palabras portadoras de información para definir a súa orde e estrutura paralela. Estas palabras poderían estar en **grosa**. Debemos tamén limitar o número de ítems na enumeración, máis ou menos sete como máximo. De todas as maneiras, a idea é a de non saturar ás persoas usuarias cun exceso de información.

Tampouco é recomendable utilizar números para identificar os ítems dentro da enumeración agás que sexa moi relevante a orde establecida entre eles. No caso típico no que se xustifica a utilización da enumeración é nunha receita. Outras enumeracións poden tamén responder a unha orde cronolóxica.

En definitiva, os ítems nunha enumeración permiten facer unha **lectura non lineal da información** xa que a persoa usuaria pode elixir o ítem sobre o que quere profundar. Ademais estas entradas poden dar paso a un punto de entrada a capas máis profundas de información, apoiando así a idea de **estratificación da información presentada**.

## Usar a cor para romper a uniformidade

Para atraer ás persoas usuarias e **romper a uniformidade do texto** podemos **utilizar a cor**.



A **grosa** pode ser un recurso moi axeitado para **romper a uniformidade do texto**. É un recurso diferenciador baseado na cor, ten os seguintes usos, entre outros:

- **Preguntas** nunha entrevista.
- **Primeiras palabras** dos ítems dentro dunha enumeración.
- **Palabras soltas ou frases completas** dentro dun texto,

a persoa que redacta determinará cales son as palabras ou frases claves para destacar co uso da grosa.

## O enlace como elemento de cor para romper a uniformidade

Os **enlaces destacados** pola cor son elementos que rompen a uniformidade do texto. Chaman a atención da persoa usuaria e inducen a facer **clic** enriba deles.

Os enlaces poden ser a porta de entrada a **enlaces profundos** de información, idea que se relaciona coa estratificación da información e que ordena os nosos textos.

Obradoiro: **PERSOAS QUE QUEREN EMPRENDER** (*Ver contidos*)  
Datas: do 5 ao 9 de Novembro  
Horario: de 10:00 a 15:00hs.

### ***Parágrafos curtos para romper a uniformidade***

Os parágrafos curtos constitúen outro dos xeitos de romper a uniformidade do texto. Estes parágrafos curtos, formados por só algunhas frases, facilitan o escaneo e obtención de información.

De todas as maneiras temos que ter en conta que cando se recomenda escribir con parágrafos curtos non se pretende inducir á persoa redactora a que seccione de xeito arbitrario o conxunto do escrito.



Un parágrafo correspóndese de xeito esencial cunha **unidade de pensamento** e non de lonxitude.